

OFRENDA DA ALCALDESA DE MONDOÑEDO AO SANTÍSIMO SACRAMENTO

EN LUGO, A DÍA 14 DE XUÑO DO ANO 2015

SANTÍSIMO SEÑOR SACRAMENTADO,

Acudo hoxe ante Vós agradecida por ostentar para esta honra a representación do Antigo Reino de Galicia. Aquí estou, nesta catedral de Lugo, na miña condición de Alcaldesa da cidade de Mondoñedo, condición que ostento dende onte mesmo, sendo difícil imaxinar mellor comenzo.

Veño de Mondoñedo das Terras que inspiraron os versos do Poeta Noriega Varela, as narracións do ilustre Alvaro Cunqueiro e os Cantares de Leira Pulpeiro... Veño Da Terra que puxo música o noso Himno Galego, da man de Pascual Veiga.

Veño para renovar unha tradición que as galegas e os galegos, sen exclusións, cumprimos dende 1669, coma expresión da nosa gratitude e recoñecemento pola protección que nos tedes brindado dende a orixe dos tempos, e como constatación da devoción e do profundo respecto que vos profesamos.

Esta ofrenda que hoxe presento ten 346 anos de historia ininterrompida. Estamos, pois, ante unha tradición arraigada na nosa alma, na nosa conciencia e no **nosso corazón de comunidade, de pobo, de reino histórico**. Unha parte indiscutible dese conxunto inmenso de vivencias, experiencias e crenzas que foron constituíndo ao longo dos séculos a nosa condición e o **nosso orgullo de ser o que somos**, galegas e galegos. Fuxir desta tradición é fuxir de nós mesmos, é pensar nunha sociedade pechada en lugar de aberta, excluínte en lugar de común.

Esta ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Vós, Santísimo Señor, pasou pois, por infinidade de épocas e de estados sociais, políticos e económicos, mellores e peores, e a todos sobreviviu como o que é, como un dos cimentos que nos manteñen unidos, que nos fan sentir membros do pobo que somos; membros dunha sociedade aberta.

Non foron os últimos anos os mellores da nosa historia. Todos pasamos por máis ou menos dificultades derivadas dunha época convulsa, cunha economía ameazada a nivel global, e cun poder político que non sempre permaneceu no seu papel vixiante do ben común, un poder político que se viu ensuciado pola mala praxe, pola corrupción dalgúns que pagaron ou acabarán pagando polo dano feito.

Todos coñecemos alguén no noso entorno ao que non lle foron ou non lle van ben as cousas. Todos sabemos de galegas e galegos que perderon o traballo, ou que teém dificultade para manter o seu fogar, ou que tiveron que mudar radicalmente de estilo de vida. Todos sabemos que algúns de nós tiveron que buscar a oportunidade de realizar proxectos vitais distintos dos que pensaban no inicio, mesmo fóra dos nosos lindes xeográficos, que non anímicos, porque se algo nos caracterizou sempre como pobo foi a nosa conciencia de que somos iso, un pobo cun sentimento común, sen importar onde estean algúns dos nosos membros.

Pero non foron estes os únicos tempos difíciles polos que pasou o Antigo Reino de Galicia, e aí estivestes sempre Vós, Santísimo Señor, iluminando o noso camiño cunha luz que ás veces viamos enriba de nós, e outras, coma nos últimos anos, á fronte, ao final dun túnel que chegamos a percibir interminable, pero que termina. Porque nunca choveu que non escampara, e iso ben que o sabemos os habitantes deste Antigo Reino de Galicia. É hora de mirar para adiante con determinación.

“O home necesita, como quen bebe auga, beber soños”, escribiu o mindoniense Álvaro Cunqueiro.

E esa luz que Vós, Santísimo Señor, nos proporcionades, semella que a vemos xa cada vez máis grande ou, como dirían os máis escépticos, menos pequena. E se foi a nosa unión e a forza que Vós nos trasmitistes a que nos permitiu non perder a luz de vista cando peor ían as cousas, semellaria unha deslealdade a Vos, como guía, e a nós, como pobo, renunciar a unha tradición que non entende de distincións porque se foi construíndo ao longo dos séculos coas achegas de todos, con independencia de cal fora a súa **conciencia, condición, bagaxe ou pensamento**.

Só hai que botar man da memoria colectiva. Eran outros tempos e outras inquedanzas pero o sentir é transversal e xa o dicía Castelao.

“A concordia nascía, seguramente, porque aituábamnos en presenza das realidades galegas, en carne viva diante dos nosos ollos, i esquecíamos diferencias ideolóxicas para xuntarnos nun anxeio idéntico de liberación e melloramento da vida galega. Queríamos todos chegar á síntesis vital. Esta cordialidade era o anuncio de días felices para o noso país. Deprendemos a coñecernos os que vivíamos arredados por prexuízos persoais ou de partido”. (Castelao, *Sempre en Galiza*.)

Só así se explica que dende 1669 non deixáramos de amosarvos o noso máximo respecto nin unha soa vez. Estamos aquí rendéndoos homenaxe a Vós, Santísimo Señor Sacramentado, pero tamén **a nós mesmos como pobo**, e iso é algo que, penso, non debemos esquecer ou confundir. Porque o pobo que foxe das súas tradicións e da súa conciencia renuncia á súa identidade e á súa alma. Pode seguir correndo para adiante, si, pero coma o fai a galiña ferida de morte que queda coa cabeza no chan, separada do corpo.

E iso é algo que quen está nesa cabeza que guía o corpo non debe esquecer, porque as galegas e os galegos que elixiron esa cabeza, puideron facelo para seguir outro camiño, si, pero sen deixar de ser un único corpo. Porque igual que todos sabemos e defendemos que non hai un único camiño, que todos respectamos esa pluralidade de opcións válidas, tamén esiximos que respecten a nosa vontade de seguir sendo un pobo unido como única opción de sobrevivir.

Non nos corresponde ás institucións excluír a ningún, **un pobo unido na lexitimidade do seu pasado e na forza do seu futuro é unha marea de forza imparable**.

É así que, no nome de todos os que conformamos o Antigo Reino de Galicia, ofrézoches de novo o noso inmenso agradecemento e respecto, e pídoche humildemente que nos sigas axudando para seguir no camiño que nos permita:

1. Seguir **vixilantes na tolerancia** coa **infinidade de crenzas** e valores que arrastra a cultura do noso pobo, sendo conscientes de que sería moi difícil explicalo sen as nosas raíces cristiás, tal e como reflicte, por exemplo, o escudo do noso país.
2. Ter presente máis ca nunca que o noso **papel de políticos nos esixe servir aos demais e nada máis que aos demais**, deixando de lado calquera interese persoal espúreo.
3. Ser **fortes e inflexibles con aqueles que sigan a facer unha política corrupta** que non queremos en Galicia, e que, se os houbera, teremos que erradicar da esfera pública.
4. Ser constantes para non cesar no empeño de recuperar unha **acción política que permita aos máis desfavorecidos de nós sumarse ao benestar económico, social e persoal**. Que todos os galegos e galegas **teñamos un traballo** e as condicións que nos permitan medrar e realizarnos como seres humanos.
5. Acertar no camiño que nos permita que esa luz cada vez máis grande nos guíe definitivamente á saída dese túnel económico que foi demasiado longo xa.
6. Potenciar aínda máis os valores do amor, a unión e a familia, como entidade básica de cohesión social, respectando sempre as lóxicas evolucións que os tempos van impoñendo.
7. Para seguir traballando a prol dos **nosos maiores**, para devolverlles en xustiza todo o que nos deron, ás veces de máis precisamente nestes tempos, e tamén a prol da nosa **xente moza**, para intentar darlles un futuro prometedor que eles convertan nunha realidade esplendorosa.
8. E para que se **fagan realidade todas as peticións xustas e de boa fe que poidan ter todos os aquí presentes**, e todas as galegas e galegos, e que non citara expresamente.

Ogallá que así sexa,

Elena Candia, Alcaldesa de Mondoñedo

Homilía contestación de Mons. Julián Barrio Barrio

Solemnidade do Corpus Christi. Xuño 2015

Ex 24,3-8; Hb 9,11-15; Mc 14,12-16.22-26

Excma. Sra. Oferente

Excmo. Sr. Delegado da Xunta de Galicia

Queridas Autoridades

Queridos irmáns Bispos: Sr. Bispo da Diocese de Lugo e Sres. Bispos das Dioceses de Galicia

Queridos Membros do Cabildo da Santa Igrexa Catedral de Lugo

Queridos sacerdotes, membros de vida consagrada e leigos

Queridos membros da Cofradía do Santísimo Sacramento, de Caritas e da Adoración nocturna

Queridos irmáns e irmás no Señor:

¡Velaquí é o misterio da nosa fe! “Que Cristo habite pola fe nos vosos corazóns e que teñade-la vosa raíz e voso alicerce no amor”, manifestado por Cristo na Eucaristía. Seguindo unha tradición secular, profundamente arraigada no sentir relixioso e espiritual, a comunidade cristiá galega síntese convocada nesta catedral de Lugo, tenda do Altísimo, ante a presenza real e verdadeira de Xesús Sacramentado para pregar a quen intercede por nós, prostrarse en adoración confiada e loalo pola súa infinita misericordia. Hoxe esta Catedral faise templo e corazón de toda a Igrexa en Galicia, testemuñando a devoción eucarística e acoitando a ofrenda, en nome da querida Cidade de Mondoñedo, presentada pola súa Alcaldesa. Contemplamos nesta solemnidade a marabilla da presenza real e verdadeira de Cristo na Eucaristía, lembrando como esta forma parte das raíces da nosa comunidade e da nosa vida; e pedindo que se vaia consolidando o proxecto de Deus na nosa historia.

A Palabra de Deus recordounos a alianza divina co home na historia da salvación: Deus protexendo o home, o home manifestando a súa obediencia a Deus: “Faremos todo o que dixo o Señor e obedeceremos” (Ex 24,7). A alianza con

Noé, Abraham e Moisés son anuncios renovados da alianza nova e definitiva de Deus cos homes selada co sangue de Cristo, derramado para o perdón dos pecados. “Por iso, é mediador dunha nova alianza,... a fin de que os chamados á herdanza eterna, poidan recibir o cumprimento desta promesa”(Heb 9, 15).

Aquel día, Xesús pediu a casa a un amigo anónimo que lla ofreceu sen recompensas nin recoñecementos. Esta persoa déixanos unha lección sinxela para noso proceder. Aquela casa coñecerase xa como Cenáculo. Pero hoxe o Señor pídenola a ti e a min porque quere celebrar a Pascua connosco. “Se alguén escoita a miña voz e abre a porta, eu entraría cabo del e cearía con el e el comigo” (Ap 3,20). Como non recordar a alegría de Zaqueo cando hospedou a Xesús na súa casa! Zaqueo deulle un banquete material. Xesús deulle o banquete da liberdade, do amor, da felicidade. Hoxe o Señor segue celebrando a súa cea pascual cos seus discípulos que somos nós.

A nosa vitalidade cristiá depende da Eucaristía e está esencialmente vinculada a ela de tal forma que sen vida eucarística non pode haber senón aparencias de vida cristiá. Compartir o pan da Eucaristía comprométenos a configurar a sociedade respectando a lei santa de Deus reflectida na lei natural e na recta razón, que mostra ao home o camiño a seguir para obrar o ben e alcanzar o seu fin. “A indiferenza relixiosa, o esquecemento de Deus, a lixeireza con que se cuestiona a súa existencia, a despreocupación polas cuestións fundamentais sobre a orixe e destino transcendente do ser humano non deixan de ter influencia no talante persoal e no comportamento moral e social do individuo... Certamente o home pode organizar a terra sen Deus, pero á fin e ao cabo, sen Deus non pode menos de organizala contra o home”¹.

Participar na Eucaristía esixe recoñecer a Cristo nos máis necesitados material e espiritualmente. “A personalidade do home enriquecese co recoñecemento de Deus. A fe en Deus dá claridade e firmeza ás nosas valoracións éticas. O coñecemento do Deus amor móvenos a amar a todo home: sabernos criaturas amadas por Deus condúcenos á caridade fraterna e, á súa vez o amor fraterno achéganos a Deus e fainos semellantes a El. Pero quen o coñece de verdade inmediatamente recoñéceo en todos os pobres, en todos os máis desfavorecidos, nos esmoleiros de pan e de amor, nas periferias existenciais”². Se non estamos dispostos a entregar a propia vida polos demais, non podemos ser consecuentes co que hoxe celebramos. Deus liberounos gratuitamente polo amor que nos ten, non dominando nin gañando batallas que sempre implican a derrota de alguén. A vida eucarística configura un estilo de vida que se manifesta na actitude de servizo, imitando a Xesús que lavou os pés aos seus discípulos, se

¹ Conferencia Episcopal Española, *Iglesia servidora de los pobres. Instrucción Pastoral*, Ávila 24 de abril de 2015, 12.

² *Ibid.*

inclinou ante os feridos no camiño da vida, escoitou e curou os enfermos de corpo e alma. Isto significa vivir a comunión fronte á exclusión, asumir a integración fronte á marxinación, e comprometerse na solidariedade, sabendo que o noso Salvador enche de bens os pobres.

“Ditosos os convidados á cea do Señor”. O convite é universal, aínda que non todos o aceptan. “Recordamos a actuación de Xesús cando comía cos excluídos e impuros, cos pobres e pecadores. Recordamos a multiplicación dos pans e os peixes na que houbo pan para todos. Alí entendemos que o pobo da nova alianza é unha fraternidade sen exclusións, que na asemblea eucarística os últimos teñen os primeiros postos, e que é o Señor quen nos constitúe nesa nova familia, na nova fraternidade na que ninguén queda excluído. As nosas comunidades, cando celebran a Eucaristía, teñen de tomar partido de que a Eucaristía impulsa a todo o que cree en Cristo a facerse *pan partido* para os demais e, polo tanto, a traballar por un mundo máis xusto e fraterno³”.

A forza da historia encontrase sempre no home que ama e serve, e para quen “non hai nada verdadeiramente humano que non teña resonancia no seu corazón” (GS 1). O misterio eucarístico, expresión suprema do amor de Cristo ós homes, sitúa ó cristián no corazón mesmo da historia e comprométeo a asumir a responsabilidade de construír un mundo novo a través da civilización do amor que nos esixe austeridade e xenerosidade, sentido da xustiza e conciencia solidaria a favor dos que sofren carencias materiais e espirituais.

Renovemos a nosa devoción ó Santísimo Sacramento. A carón do Pan e do Viño poño, Excma. Sra. Oferente, a súa ofrenda coas súas inquiredanzas, esperanzas e súplicas. Pido pola Familia Real, polos nosos gobernantes, polas nosas Dioceses, por Vostede, Señora Oferente, e a súa familia, e polos que están a colaborar con vostede, e por todos os veciños de Mondoñedo, e mais polos veciños desta cidade de Lugo, para que o Señor Sacramentado lles colme de bendicións. ¡Bendito e louvado sexa o santísimo Sacramento do Altar, sexa por sempre bendito e louvado! Amén.

³ BIEITO XVI, *Sacramentum caritatis*, 88.